COLABORACIÓNS páxinas 2 a 6
COMPLEMENTARIAS páxinas 7 a 17
ESCOLARES páxinas 18 a 21
BIBLIOTECA páxina 22
ANPA páxina 23

ESTAR NA PEL DUN CEGO POR UN DÍA

Estela Pintos Freire. 4ºB

O día 5 de Maio veu a ONCE ao colexio a falarnos de cómo viven, como cociñan, como len, como debuxan etc, as persoas invidentes.
Ensináronnos como se moven pola rúa, axudados por una persoa, por bastóns ou por cans guías. Tapáronnos os ollos e fomos camiñando coma eles. Non me pareceu moi doado.
Dixeron que aínda que sexas cego, podes facer teatro, tocar instrumentos, bailar, traballar, escribir e ler (co método Braille).
Hai que tratalas como persoas normais. Por exemplo, no colexio, hai unha nena cega. Chámase Paula, a min cáeme ben porque é simpática. Para saber como es, tócache a cara. Sabe quen eres pola voz, polo olor…. A ela encántanlle as colonias.
O máis interesante desta visita foi o das cores. Vendáronnos os ollos e déronnos rotuladores. Eses rotuladores ulían a cousas relacionadas con esa cor: o amarelo a limón, o verde a menta, o vermello a amorodo, o rosa a sandía, o negro a regaliz, etc…

Foi xenial!

A COCIÑA SOLAR

A enerxía solar é unha fonte de enerxía de orixe renovable, obtida a partir do aproveitamento da radiación electromagnética procedente do Sol. A radiación solar que alcanza a Terra foi aproveitada polo ser humano dende a Antigüidade, mediante diferentes tecnoloxías que foron evolucionando co tempo dende a súa concepción. Na actualidade, a calor e a luz do Sol é unha das chamadas enerxías renovables ou enerxías limpas, que poden axudar a resolver algúns dos problemas máis urxentes que afronta a humanidad.
O profesor de física César Lema demóstranos coa sua cociña solar como freir unhas salchichas só coa axuda do sol e en menos de 15 minutos.

VISITAMOS AO PARLAMENTO GALEGO

O día da ilusión é unha iniciativa que nace desde o Concurso Escolar da ONCE. O obxectivo da acción é acadar que a ilusión teña oficialmente un día no noso calendario. Un día no que poder reinvindicala, protexela e celebrala. Para isto elaborouse un Manifesto que foi presentado no Parlamento de Galicia o día 12 de xuño polo alumnado de 3º e 5º de EP.